



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SETENTA E SETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta e un minutos do trinta de outubro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luís Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D^a. Alicia Martínez Blanco, D. José Angel Lodeiro Cancela, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D^a. Angel Moldes Martínez, D^a. M^a do Mar Villaverde Rosales, D. Juan Jose Rodríguez Grandal, D. Manuel Domínguez Alvarez, D^a. Consuelo Besada Lores e D. Gregorio L. Agís Gómez e asiste como secretaria a do Concello, Paula Ramos Díaz e escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse no Salón de Sesiões en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3736.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 25 DE SETEMBRO DE 2012 NÚMEROS 475 E 476.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola secretaria presente na sesión dáse conta das actas anteriores de data 25 de setembro de 2012, números 475 e 476 e non realizándose observación ningunha contra as mesmas estas quedan aprobadas por unanimidade de asistentes.

3737- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3726.- PATRIMONIO, CESIÓN PARCELA CENTRO DE SAUDE DE ANAFÁNS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3727.- PATRIMONIO, DAR CONTA DA AUTORIZACIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN ESCOLA DO PEREIRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Servizo de Patrimonio; 3728.- INTERVENCIÓN, 2ª MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO PRORROGADO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3729.- PERSOAL, PROPOSTA RECOÑECIMENTO DUN COMPLEMENTO RETRIBUTIVO AO PERSOAL MUNICIPAL DURANTE A SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado aos Departamentos de Intervención, Tesourería e Persoal do Concello; 3730.- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE

GOBERNO LOCAL DE DATA 03 DE SETEMBRO DE 2012, SOBRE DETERMINACIÓN FESTAS LOCAIS 2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Consellería de Traballo e Benestar; 3731.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE, CO MOTIVO DO ANUNCIO DO GOBERNO DE ESPAÑA PARA REFORMAR A LEI 2/2010, DE SAUDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia; 3732.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE PARA IMPEDIR A PERDA DE PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E DOS EMPREGADOS PÚBLICOS AFECTADOS POLO DECRETO 20/2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3733.- ADHESION INICIATIVA DE LOCALIDADES SOLIDARIAS CO ALZHEIMER.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias; 3734.- MOCION CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO ESTATAL A MODIFICAR AS RESTRICIÓN S INTRODUCIDAS AO PLAN PREPARA NO REAL DECRETO LEI 23/2012, DE 24 DE AGOSTO, DIRIXIDO ÁS PERSOAS QUE ESGOTEN A SÚA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia do Goberno; 3735.- ESCRITO ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CAMPELO, REHABILITACIÓN PEIRAO ILLA DE TAMBO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Escola Naval Militar de Marín, Subdelegación do Ministerio de Defensa, Consellería do Mar-Portos de Galicia e Ministerio de Fomento -Portos do Estado. ”

A corporación dáse por enterada.

3738.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN S DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolución s da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario, as que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día; a corporación dáse por enterada.

3739.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE POIO PARA A CESIÓN DUNHA VIVENDA SITA EN RÚA PORTUGAL EN MONTEPORREIRO-PONTEVEDRA DENTRO DO PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 15 de outubro de 2012 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente, do Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Poio para a cesión dunha vivenda sita na rúa Portugal, 5 en Monteporreiro-Pontevedra no Programa de Erradicación de Chabolismo, do informe da interventora accidental e da secretaria xeral deste Concello de Poio de data 11 de outubro de 2012 e da proposta da Alcaldía de data 11 de outubro de 2012, textualmente, di o seguinte: “ Con data 1 de febreiro de 2008 e mediante escritura pública número 239 da notaría de D. Luis Darrieux de Ben o Concello de Poio adquiriu un piso baixo adicado a vivenda cunha superficie útil de 76,00 m² Inscrita no Rexistro da Propiedade número 1 de Pontevedra Tomo 1716 Libro 885 Folio 186 Finca 27.388-N e referencia catastral 1193006NG3919S0021DU, parte indivisa-soto adicado a garaxe cunha superficie Inscrita no Rexistro da Propiedade número 1 Tomo 1716 Libro 885 Folio 188 Finca 27.387-G1 e referencia catastral 1193006NG3919S0001XH e parte indivisa-trasteiro Inscrita no Rexistro da Propiedade número 1 tomo 1716 Libro 885 Folio 189 e Finca 27408 T-1 con destino ao realoxamento de poboación dentro do programa de erradicación do chabolismo, mediante contrato de aluguer e así dar cumprimento ao convenio de colaboración asinado con data 26 de novembro de 2007 entre o concello de Poio e o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Dado que a vivenda adquirida e descrita anteriormente non foi destinada ao uso descrito no convenio asinado co Instituto Galego da Vivenda e Solo e manifestando o mesmo o interese en acceder á titularidade da citada vivenda e anexos para o desenvolvemento das súas competencias en materia de

erradicación do chabolismo e acceso a vivenda digna en colectivos de exclusión social e de conformidade co establecido no artigo 110 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais e unha vez incorporado ao mesmo a seguinte documentación: nota simple emitida polo Rexistro da Propiedade de Pontevedra no que se acredita que as fincas 27388, 27408 G-1 e 27387/G1 atópanse debidamente inscritas a favor do Concello de Poio, Certificación emitida pola Secretaria Xeral de data 8 de outubro de 2012 na que se acredita que os bens obxecto do convenio atópanse debidamente inscritos no Inventario de bens, Informe conxunto de Secretaría e Intervención Municipal , propoño ao Pleno desta Corporación a adopción dos seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á cesión gratuíta das fincas descritas ao Instituto Galego da Vivenda e Solo con destino ao desenvolvemento das súas competencias en materia de erradicación do chabolismo e acceso á vivenda digna en colectivos de exclusión social.

Segundo: Someter o expediente á información pública durante o prazo de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio no BOP de Pontevedra.

Terceiro: De non formularse alegación ou reclamación ningunha durante o devandito prazo entenderase aprobado definitivamente.

Cuarto: Proceder á realización dos trámites correspondentes no Inventario de Bens e Dereitos Municipais.

Quinto: Dar traslado do acordo adoptado ao Instituto Galego da Vivenda e Solo”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á cesión gratuíta das fincas descritas ao Instituto Galego da Vivenda e Solo con destino ao desenvolvemento das súas competencias en materia de erradicación do chabolismo e acceso á vivenda digna en colectivos de exclusión social.

Segundo: Someter o expediente á información pública durante o prazo de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio no BOP de Pontevedra.

Terceiro: De non formularse alegación ou reclamación ningunha durante o devandito prazo entenderase aprobado definitivamente.

Cuarto: Proceder á realización dos trámites correspondentes no Inventario de Bens e Dereitos Municipais.

Quinto: Dar traslado do acordo adoptado ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e á Consellería e Facenda da Xunta de Galicia.

3740.- INTERVENCIÓN, INFORME TRIMESTRAL DO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE (3º TRIMESTRE 2012).- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 15 de outubro de 2012 e que di textualmente: “Dáse conta do informe de Intervención de data 1 de outubro de 2012 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

Por parte da secretaria da comisión dáse conta do contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010: o apartado primeiro trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses da súa anotación no rexistro contable (tomando como data de inicio do cómputo de data a finalización

do 3º trimestre o 30 de setembro), é dicir que fosen rexistradas antes do 1 de xullo de 2012, sen que se procedese ao recoñecemento das obrigas no día da data, infórmase que existen facturas pendentes de contabilizar por importe de 290.707,84 € e o segundo, sobre o cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei.

En conclusión, segundo o informe que se xunta, as facturas aprobadas pero que se atopan realmente pendentes de abono por un prazo superior a 40 días (ata o día 20 de agosto), tendo en conta a data de finalización do 3º trimestre natural (30/09/2012), ascenden á cantidade de 225.662,15 euros, e as pagadas dentro de prazo ascenden á cantidade de 92.992,62 €.

Ademais os pagos realizados dentro do período legal de pago ascenden á cantidade de 147.449,90 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascenden á cantidade de 631.059,93 euros.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

O Sr. Rodríguez Grandal pregunta os motivos polos cales existen esas facturas pendentes.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que nós temos un exercicio prorrogado e vixente a 31 de decembro de 2012; a Xunta de Galicia si ten cerrado o presuposto a 31 de xullo de 2012; é moi difícil o cumprimento dos prazos cando entran polo rexistro temos 40 ou 45 días, os trámites administrativos retrasan todo.

O Sr. Martínez Blanco di que non entende a pregunta xa que é o propio Estado o que non cumpre a Lei. As facturas teñen un proceso desde que entra a factura no rexistro.

A Comisión dáse por enterada.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes dáse por enterada do contido do informe conxunto emitido polo Tesoureiro Municipal e Interventora con data 1 de outubro de 2012 e acorda que se remita o devandito informe aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

3741.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS EXERCICIO 2013.- De conformidade co establecido no artigo 82 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais procédese á votación da ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ter sido sometido á consideración de Comisión Informativa ningunha no momento da convocatoria, a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención.

Neste momento entra no Salón o Concelleiro D. Alberto Villaverde Méndez.

A continuación pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión extraordinaria realizada con data 30 de outubro de 2012 e que di textualmente: “ Dáse conta do expediente e da proposta da alcaldía de data 24 de outubro de 2012 que, textualmente, di o seguinte: ” ASUNTO: modificación Ordenanzas Fiscais reguladoras das taxas por: a prestación do servizo de abastecemento de auga, a prestación do servizo de saneamento, a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbano, a prestación do servizo de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e da taxa por a prestación do servizo de análise e inspección de vertidos.

Propónse a modificación as seguintes Ordenanzas Fiscais por os motivos que a continuación se expoñen: (se adxuntan como anexos a esta proposta as novas tarifas que se propoñen en cada un dos apartados).

Primeiro: Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Subministro de Auga: a cláusula 37.4)

do Contrato Administrativo de Xestión do Servizo Público de Abastecemento de Auga Potable, Mantemento da Rede de Saneamento e Depuración de Augas Residuais, na modalidade de concesión administrativo suscrito coa empresa Sociedade Ferrovia Servicos S.A. (agora Aquagest) regula a revisión mínima obrigatoria de prezos que anualmente se levará a cabo co fin de garantir o equilibrio económico da concesión.

Os índices propostos son os seguintes:

Hr= o último índice de persoal publicado no B.O.E foi polo INE foi para o mes de decembro de 2011 e ten un valor de 384,60.

Lr= prezo enerxía: en virtude da última resolución publicada, Resolución de 28 de xuño de 2012 da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, publicada no BOE nº 155 de 29 de xuño de 2012, que establece que o custo de produción da enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar a partir do un de xullo de 2012 é de 0,149198 €/kWh.

Vr= gastos xerais en base a o IPC interanual dende decembro de 1997 ata setembro de 2012: 51,10%.

PAr= prezo auga Pontevedra: segundo a Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga do Concello de Pontevedra, publicada no BOP nº243 de 21 de decembro de 2011 establece un custo de venda de auga aos concellos limítrofes de 0,1720€/m³ para o ano 2012.

O incremento proposto segundo as pautas reguladas no mencionado Contrato ascende ao 2,77% para o vindeiro exercicio.

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2013.

Segundo: Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Saneamento de Auga.: segundo a mesma cláusula 37.4) do Contrato Administrativo de Xestión do Servizo regulase o coeficiente de revisión de prezos aplicado tamén a o saneamento por o que o incremento proposto ascende ao 4,27%

Os índices propostos para acadar este incremento son:

Hr= o último índice de persoal publicado no B.O.E foi polo INE para o mes de decembro de 2011 e ten un valor de 384,60.

Lr= prezo enerxía: en virtude da última resolución publicada, Resolución de 28 de xuño de 2012 da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, publicada no BOE nº 155 de 29 de xuño de 2012, que establece que o custo de produción da enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar a partir do un de xullo de 2012 é de 0,149198 €/kWh.

Vr= gastos xerais en base a o IPC interanual dende decembro de 1997 ata o último publicado de setembro de 2012:51,10%.

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2013.

Terceiro: Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida de Lixo: propónse un incremento nas tarifas debido a o elevado custo do servizo que non é cuberto cos importes recadados en concepto de Taxa en virtude do mesmo. O incremento proposto no servizo de recollida de lixo é do 3,70% que coincide co IPC interanual de agosto de 2011 a setembro de 2012.

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2013.

Cuarto: Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Tratamento e eliminación de Lixo: propónse un incremento nas tarifas debido a o elevado custo do servizo que non é cuberto cos importes recadados en concepto de Taxa en virtude do mesmo. O incremento proposto no servizo de recollida de lixo é do 3,70% que coincide co IPC interanual de agosto de 2011 a setembro de 2012.

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de

xaneiro de 2013.

Quinto: Taxa de análise de vertidos e inspección de augas: con relación a modificación das tarifas o incremento proposto no servizo de recollida de lixo é do 3,70% que coincide co IPC interanual de agosto de 2011 a setembro de 2012.

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2013.

O que se propón para a súa aprobación a o Pleno da Corporación. “

Así mesmo dáse conta do informe da Intervención Municipal de data 24 de outubro de 2012 que obra no expediente.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido de dita Proposta da Alcaldía comentando que son actualizacións de cinco taxas tratándose dun aumento en aplicación do 3,7% do IPC interanual de agosto de 2011 a setembro de 2012. Os incrementos propostos van desde o 2,77% para a Ordenanza da Taxa por subministración de auga, 4,27% para a Ordenanza da Taxa por Saneamento de Auga, 3,70% para a Ordenanza da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida de Lixa, 3,70% para a Ordenanza da Taxa por Prestación do Servizo de Tratamento e Eliminación de lixo e por último 3,70% para a Ordenanza da Taxa de análise de vertidos e inspección de augas.

É unha subida moi moderada co fin de evitar que se incremente o déficit da auga existente.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente a Proposta da Alcaldía sobre a modificación das Ordenanzas Fiscais Exercicio 2013.”.

Polo Sr. Barreiro Lubián realízase unha breve explicación das ordenanzas que son obxecto de modificación e que verán incrementadas as súas tarifas a partir do 01 de xaneiro de 2013, sendo un incremento motivado e basicamente é para manter o servizo.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que o Grupo Popular non apoiou no seu momento a concesión e tamén entendemos que non é o mellor momento para realizar un incremento nas taxas e ademais consideramos que a prestación non mellorou senón que incluso empeorou. Aínda que temos que recoñecer que este ano fixéronnos caso e o incremento non é superior ao IPC.

O Sr. Barreiro Lubián di que en ocasións trouxéronse ao Pleno incrementos que supoñían a metade do IPC e que o Grupo Popular votou en contra. Pero hai gobernos que soben os impostos máis que o IPC e vostedes apoían esas medidas, e aquí manifestan que non é o mellor momento, coas medidas adoptadas polo seu goberno o que van a conseguir é que se reduza o consumo.

Os servizos non mellorarían pero este incremento é para mantelos e para mellorar hai que facer investimentos, como por exemplo, o de Acuanorte, que vostedes non apoiaron.

A Sra. Besada Lores di que o Grupo Municipal Socialista vai votar a favor do incremento a pesar de que considera que non é o mellor momento para a veciñanza, sendo una media impopular, pero por responsabilidade e non incrementar a débeda hai que facer este incremento que vai ser igual ao IPC interanual.

O Sr. Moldes Martínez añade que o Grupo Popular ve necesario os investimentos e no caso de Acuanorte votaron en contra, polos informes desfavorables da Intervención Municipal.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que cada órgano ten o seu papel e os políticos están para tomar decisións, xa que calquera día o contido dos informes se volve en contra dos informantes, recomendándolle que non siga facendo caso a mortadelo e filemón.

Sometida a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 30 de outubro de 2012 este quedou aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación das ordenanzas: 1º.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, 2º.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por saneamento de auga, 3º.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo, 4º.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de tratamento e eliminación de lixo e 5º.- Taxa de análise de vertidos e inspección de augas.

Segundo: Someter a información pública polo prazo de 30 días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Diario de Pontevedra, e de non presentarse reclamación ou alegación ningunha, entenderase definitivamente aprobadas de conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3742.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE RELATIVA ÁS MEDIDAS RESPECTO AO RECOÑECIMENTO DAS DOENZAS VINCULADAS AO SECTOR DE MARISCADORAS A PÉ.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 15 de outubro de 2012 e que di textualmente: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción consensuada polos grupos municipais do BNG e PSOE, de data 11 de outubro de 2012 presentada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 15 de outubro de 2012, que, tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno do Concello instar ao Goberno Galego a que demande do Goberno español: “1.- O establecemento dun catálogo de doenzas profesionais no sector do marisqueo a pé a fin de permitir o acceso a prestacións económicas no caso de baixas orixinadas por enfermidades que teñan vinculación coa súa actividade profesional. 2.- O incremento dos coeficientes redutores da idade de xubilación no sector do marisqueo a pé.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros, aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno Galego a que demande do goberno español o establecemento dun catálogo de doenzas profesionais no sector do marisqueo a pé a fin de permitir o acceso a prestacións económicas no caso de baixas orixinadas por enfermidades que teñan vinculación coa súa actividade profesional.

Segundo- Instar ao Goberno Galego a que demande do goberno español o incremento dos coeficientes redutores da idade de xubilación no sector do marisqueo a pé.

3743.- URBANISMO, EXP. 53/12.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE MANUEL OTERO PENA E D^a. FLORA ISABEL PENELA GONZÁLEZ PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8

BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP e de conformidade co establecido no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta pola Secretaria presente na sesión do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptado en sesión ordinaria realizada o 30 de outubro de 2012 na que se ditaminou favorablemente e propónse ao pleno a aprobación definitiva do devandito convenio de xestión e planeamento previo informe da Secretaria Xeral e Interventora Municipal.

Consta no expediente informe emitido pola Secretaria e Interventora Municipal de data 30 de outubro de 2012 e que di o seguinte: “Olga Rodríguez Fernández, interventora do Concello de Poio e Paula Ramos Díaz, funcionarias con habilitación de carácter estatal, interventora e secretaria do Concello de Poio, de conformidade có establecido no artigo 195 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA), emiten o seguinte

INFORME ANTECEDENTES

- Informe de intervención e secretaría de 2 e 4 de xullo de 2012.
- Ditames da comisión informativa de urbanismo de 3 e 10 de xullo de 2012.
- Aprobación inicial do texto dos convenios na sesión ordinaria celebrada polo Pleno con data 31 de xullo de 2012.
- Anuncios publicados con data 24 de agosto de 2012 no Faro de Vigo e con data 12 e 21 de setembro de 2012 no Diario Oficial de Galicia.
- Non existe constancia nos expedientes da incorporación de reclamación ningunha, emitíndose a correspondente certificación.
- Non producíndose alteración ningunha no seu texto ou contido, con data 19 e 24 de outubro de 2012, números rexistro de entrada 5149, 5150 e 5235, coa condición de propietarios asínase aceptación do texto resultante tras a exposición pública para os efectos do establecido no art. 237.3º LOUGA.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E ECONÓMICAS.

1. Respecto ao obxecto dos convenios a suscribir, na medida en que se reproduce o texto informado por intervención e secretaría con data 2 de xullo e rectificación de 4 de xullo de 2012, mantéñense igualmente as consideracións que con carácter desfavorable nel se realizaban.

2. En canto a procedemento tal e como se indicaba no mesmo, existindo constancia da aceptación dos asinantes como propietarios interesados do texto definitivo do convenio coincidente co inicialmente aprobado polo Pleno, en atención ao disposto no art. 237.4º LOUGA: "O texto definitivo dos convenios erá que ratificarse polo órgano competente, debendo asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido dito prazo sen que tal sinatura teña lugar, entenderanse que renuncian a aquél".

Na medida en que o convenio afecte ao PXOM como convenio mixto de planeamento e xestión urbanística, en aplicación do establecido no art. 22.2º.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, será o Pleno o órgano competente para aprobar os convenios que teñan por obxecto alterar dito instrumento de planeamento.

Ase mesmo, deberá observarse o contido do artigo 70 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, introducido pola disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 30 de xuño, poñendo a disposición dos cidadáns que así o soliciten, exemplares dos convenios urbanísticos que se formalicen.”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7

votos en contra do PP e ningunha abstención, de conformidade co establecido na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro: Ratificar o texto do convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e D. José Manuel Otero Pena e D^a. Flora Isabel Penela González aprobado na sesión ordinaria realizada polo pleno con data 31 de xullo de 2012, debendo de asinarse dentro dos quince días seguintes ao de notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3744.- URBANISMO, EXP. 54/12.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JOSE ANTONIO CASTRO DEBÉN D^a. MARÍA ÁNGELES CALDAS CASTIÑEIRA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP e de conformidade co establecido no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta pola Secretaria presente na sesión do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptado en sesión ordinaria realizada o 30 de outubro de 2012 na que se ditaminou favorablemente e propónse ao pleno a aprobación definitiva do devandito convenio de xestión e planeamento previo informe da Secretaria Xeral e Interventora Municipal.

Consta no expediente informe emitido pola Secretaria e Interventora Municipal de data 30 de outubro de 2012 e que di o seguinte: “Olga Rodríguez Fernández, interventora do Concello de Poio e Paula Ramos Díaz, funcionarias con habilitación de carácter estatal, interventora e secretaria do Concello de Poio, de conformidade có establecido no artigo 195 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA), emiten o seguinte

INFORME ANTECEDENTES

- Informe de intervención e secretaría de 2 e 4 de xullo de 2012.
- Ditames da comisión informativa de urbanismo de 3 e 10 de xullo de 2012.
- Aprobación inicial do texto dos convenios na sesión ordinaria celebrada polo Pleno con data 31 de xullo de 2012.
- Anuncios publicados con data 24 de agosto de 2012 no Faro de Vigo e con data 12 e 21 de setembro de 2012 no Diario Oficial de Galicia.
- Non existe constancia nos expedientes da incorporación de reclamación ningunha, emitíndose a correspondente certificación.
- Non producíndose alteración ningunha no seu texto ou contido, con data 19 e 24 de outubro de 2012, números rexistro de entrada 5149, 5150 e 5235, coa condición de propietarios asínase aceptación do texto resultante tras a exposición pública para os efectos do establecido no art. 237.3º LOUGA.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E ECONÓMICAS.

1. Respecto ao obxecto dos convenios a suscribir, na medida en que se reproduce o texto informado por intervención e secretaría con data 2 de xullo e rectificación de 4 de xullo de 2012, mantéñense igualmente as consideracións que con carácter desfavorable nel se realizaban.

2. En canto a procedemento tal e como se indicaba no mesmo, existindo constancia da aceptación dos asinantes como propietarios interesados do texto definitivo do convenio coincidinte co

inicialmente aprobado polo Pleno, en atención ao disposto no art. 237.4º LOUGA: "O texto definitivo dos convenios erá que ratificarse polo órgano competente, debendo asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido dito prazo sen que tal sinatura teña lugar, entenderanse que renuncian a aquél".

Na medida en que o convenio afecte ao PXOM como convenio mixto de planeamento e xestión urbanística, en aplicación do establecido no art. 22.2º.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, será o Pleno o órgano competente para aprobar os convenios que teñan por obxecto alterar dito instrumento de planeamento. ”

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, de conformidade co establecido na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro: Ratificar o texto do convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e D. Jose Antonio Castro Deben e Dª. María Ángeles Caldas Castiñeira aprobado na sesión ordinaria realizada polo pleno con data 31 de xullo de 2012, debendo de asinarse dentro dos quince días seguintes ao de notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3745.- URBANISMO, EXP. 55/12.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. JAIME ACUÑA GONZÁLEZ E Dª. DOLORES MARTÍNEZ VILLANUEVA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP e de conformidade co establecido no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta pola Secretaria presente na sesión do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptado en sesión ordinaria realizada o 30 de outubro de 2012 na que se ditaminou favorablemente e propónse ao pleno a aprobación definitiva do devandito convenio de xestión e planeamento previo informe da Secretaria Xeral e Interventora Municipal.

Consta no expediente informe emitido pola Secretaria e Interventora Municipal de data 30 de outubro de 2012 e que di o seguinte: “Olga Rodríguez Fernández, interventora do Concello de Poio e Paula Ramos Díaz, funcionarias con habilitación de carácter estatal, interventora e secretaria do Concello de Poio, de conformidade có establecido no artigo 195 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante LOUGA), emiten o seguinte

INFORME ANTECEDENTES

- Informe de intervención e secretaría de 2 e 4 de xullo de 2012.
- Ditames da comisión informativa de urbanismo de 3 e 10 de xullo de 2012.
- Aprobación inicial do texto dos convenios na sesión ordinaria celebrada polo Pleno con data 31 de xullo de 2012.
- Anuncios publicados con data 24 de agosto de 2012 no Faro de Vigo e con data 12 e 21 de setembro de 2012 no Diario Oficial de Galicia.
- Non existe constancia nos expedientes da incorporación de reclamación ningunha, emitíndose a correspondente certificación.

– Non producíndose alteración ningunha no seu texto ou contido, con data 19 e 24 de outubro de 2012, números rexistro de entrada 5149, 5150 e 5235, coa condición de propietarios asínase aceptación do texto resultante tras a exposición pública para os efectos do establecido no art. 237.3º LOUGA.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E ECONÓMICAS.

1. Respecto ao obxeto dos convenios a suscribir, na medida en que se reproduce o texto informado por intervención e secretaría con data 2 de xullo e rectificación de 4 de xullo de 2012, mantéñense igualmente as consideracións que con carácter desfavorable nel se realizaban.

2. En canto a procedemento tal e como se indicaba no mesmo, existindo constancia da aceptación dos asinantes como propietarios interesados do texto definitivo do convenio coincidente co inicialmente aprobado polo Pleno, en atención ao disposto no art. 237.4º LOUGA: "O texto definitivo dos convenios erá que ratificarse polo órgano competente, debendo asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido dito prazo sen que tal sinatura teña lugar, entenderanse que renuncian a aquél".

Na medida en que o convenio afecte ao PXOM como convenio mixto de planeamento e xestión urbanística, en aplicación do establecido no art. 22.2º.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, será o Pleno o órgano competente para aprobar os convenios que teñan por obxeto alterar dito instrumento de planeamento. ”

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, de conformidade co establecido na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro: Ratificar o texto do convenio urbanístico de xestión e planeamento entre o Concello de Poio e D. Jaime Acuña González e D^a. Dolores Acuña González aprobado na sesión ordinaria realizada polo pleno con data 31 de xullo de 2012, debendo de asinarse dentro dos quince días seguintes ao de notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

ROGOS.- Prodúcense os seguintes:

1º.- Pola Sra. Nieto García solicita que polos servizos económicos do Concello se realicen os trámites necesarios coa finalidade de modificar o importe da contía para non esixir garantía para as solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pagamento das débedas coa administración local, pasando de 6000 € a 18000 € así como se amplíen os prazos máximos para cancelar as débedas para as contías superiores aos 6000 € por un prazo máximo de 24 meses.

2º.- Polo Sr. Moldes Martínez solicítase que se fagan as consultas necesarias no ORAL para posibilitar á veciñanza o fraccionamento en dous recibos e sen intereses, o correspondente ao Imposto de Bens Inmóbeles que na actualidade se paga de forma anual.

O Sr. Alcalde di que se farán as oportunas xestións no ORAL, para ver se o procedemento de aprobación dos padróns anuais permiten esta división sen que prexudicar á cobranza dos mesmos e tamén se non incrementa a porcentaxe que na actualidade se lle está a aboar ao ORAL porque con isto habería máis carga de traballo.

PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e vinte e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria xeral, dou fe.